

UGT DESENVOLVEU EN SANTIAGO E OURENSE O TALLER “DESMONTANDO PREXUIZOS E ESTEREOTIPOS” CO FIN DE CONTRARRESTAR INFORMACIÓNS FALSAS SOBRE A POBOACIÓN ESTRANXEIRA

Redacción.- Os días 16 e 17 UGT organizou en Santiago e Ourense o taller “Desmontando prexuízos e estereotipos” co cal se pretende informar e formar aos cadros e delegados e delegadas do Sindicato e facilitarles as ferramentas necesarias para contrarrestar informacións falsas ou terxiversadas que se difunden con rapidez e fomentan o rexeitamento cara a inmigración e cara a poboación de nacionalidade ou orixe estranxeira.

Ademais deste taller, a vicesecretaria xeral de UGT-Confederal, Cristina Antoñanzas; a secretaria de Políticas sociais de UGT-Galicia, María Isabel González; o secretario xeral de UGT-Ourense, Cristóbal Medeiros e a responsable da Área de Migracións de UGT-Confederal, Ana María Corral, tiveron un encontro cos medios de comunicación no que lles explicaron o desenvolvemento da acción formativa e os seus obxectivos.

Tamén facilitáronlles unha serie de datos, todos eles estatísticos e obxectivos, sobre a situación a nivel do Estado, en Galicia e nas provincias da Coruña e Ourense que, precisamente, serven para tirar abaixo moitos dos prexuízos e estereotipos que se difunden, sobre todo, a través das redes ou medios de comunicación, en relacións á poboación estranxeira.

Partindo dunha análise estatística demográfica, que é necesaria para coñecer e contextualizar a situación, Galicia ten unha porcentaxe dun 4,3% de persoas empadroadas estranxeiras, formando parte do grupo de comunidades con menor volume. Dun total de 117.824 persoas estranxeiras empadroadas en Galicia, 85.236 son nacionais de terceiros países. De feito, Galicia é a segunda comunidade con menor porcentaxe de poboación estranxeira.

As nacionalidades máis numerosas en Galicia son Portugal, seguida de Venezuela, Colombia, Brasil, Marrocos ou Romanía.

Por outra banda, cómpre salientar que ás 117.824 persoas de nacionalidade estranxeira que hai residindo en Galicia, hai

que engadirle as 146.125 de nacionalidade española pero nadas no estranxeiro. A suma de ambas supón o 9,8% da poboación.

Continuando coa análise dos datos, estes refiren que o 6,2% dos fogares galegos teñen, polo menos, unha persoa de nacionalidade estranxeira.

Por outra banda, a idade media da poboación de nacionalidade española de Galicia é de 48,5 anos, 37,5 no caso da poboación de nacionalidade estranxeira. O 26,1% de poboación galega ten 65 ou máis anos e o 12,1% 15 ou menos. Ademais, Galicia presenta un saldo vexetativo negativo dende o ano 1988.

Do estudo tamén se conclúe que a migración de persoas de nacionalidade estranxeira cara Galicia ten un compoñente fundamentalmente laboral. O 12,1% das persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia teñen nacionalidade estranxeira. Por sectores, destaca que o 17% das persoas afiliadas ao sistema especial de empregados do fogar teñen nacionalidade estranxeira nesta Comunidade, porcentaxe que sube ata o 23,7% no caso do sistema especial agrario. Aínda que a actividade con maior volume absoluto atópase na hostalería, con 3.932 persoas estranxeiras.

Coñecendo estes datos, algúns dos bulos que se pretenden botar abaixo son, por exemplo, os relativos á dependencia de prestacións. Case o 79% dos fogares estranxeiros nos que o sustentador principal ten menos de 65 ten como fonte principal de ingresos os que proveñen do traballo. Só o 0,7% do total das pensións son pagadas a persoas estranxeiras e só o 0,3% no caso das de xubilación.

Seguimos desmontando bulos. Soporitan peores condicións de vida con taxas de



riscos de pobreza que se achegan, no caso dos estranxeiros non comunitarios, ao 60%. Tamén soportan taxas de paro máis elevadas, sendo as mulleres nacionais de terceiros países as que presentan en Galicia maiores taxas de desemprego, do 33,4%.

En canto ás prestacións e servizos públicos, de todos os titulares de rendas mínimas, o 22% tiñan nacionalidade estranxeira, porcentaxe que en Galicia sube ata o 75%. No 2020 do total de persoas usuarias de sistema público de servizos sociais, tan só o 5,3% tiñan nacionalidade estranxeira e o 79,4% deste total accederon ao servizos para recabar información e orientación, o que non conleva prestación económica. Daquí conclúese que, aínda tendo en conta a elevada taxa de risco de pobreza da poboación estranxeira en España, a súa participación nos niveis asistenciais de protección social é moi inferior á que cabería esperar.

Outro mito que se cae é o presunto abuso do sistema sanitario público, xa que tan só o 11% das consultas que recibiu o Sistema Nacional de Saúde foron efectuadas por persoas nadas no estranxeiro.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NO COMERCIO DO METAL DE PONTEVEDRA

O sábado está convocada unha concentración no IFEVI en Vigo e o martes unha xornada de folga

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do comercio do metal da provincia de Pontevedra continúan co seu calendario de mobilizacións para demandar unhas condicións laborais dignas e a sinatura dun novo convenio, xa que este leva caducado dende hai tres anos.

Dende FeSMC denuncian a cerrazón da patronal. A pesar dos pasos que se intentaron dar dende a parte social, a parte empresarial négase a mover a súa postura inicial.

Así, ademais das mobilizacións que xa se sucederon estes días, o sábado, día 19 está convocada unha concentración fronte ás portas do IFEVI, en Vigo, ás 12.00 horas e o día 22 unha xornada de folga.



ASINADO O CONVENIO DE HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

O convenio terá unha vixencia de tres anos e afecta a unhas 20.000 traballadoras e traballadores

Redacción.- Na mediación celebrada o pasado día 13 no Consello Galego de Relacións Laborais, os sindicatos UGT e CCOO alcanzaron un acordo para renovar o Convenio de hostalería da provincia de Coruña, que terá unha vixencia de 3 anos, desde o 2022 ao 2024.

Prevé unha subida salarial do 11,75% nos tres anos de vixencia e unha cláusula de actualización

O acordo afectará a máis de 20.000 persoas traballadoras na provincia da Coruña e será de aplicación para a hostalería e os hoteis da provincia. Este novo convenio contempla unha subida salarial dun 11.75% nos 3 anos de vixencia, así como unha cláusula de actualización que actuará ao final deste dependendo do IPC que se acumule nestes 3 anos.

Así mesmo, o novo convenio adapta a ultraactividade á lexislación actual e contén tamén outras reivindicacións da parte social que melloran considerablemente as condicións anteriores:

* Regula a contratación de fixos discontinuos.



* Establece como obrigatorio que as empresas teñan un mínimo dun 65% do personal con contrato fixo.

* Regula a desconexión dixital.

* Regula a externalización.

Da preferencia ás persoas a tempo parcial á hora de acceder a vacantes a tempo completo e inclúe a figura do repartidor

* Da preferencia ás persoas contratadas a tempo parcial á hora de acceder a vacantes indefinidas e temporais a tempo completo.

*Consolida o salario das persoas que traballan como axudante de camareiro ou axudante de cocña cando realicen traballos de categoría superior.

*Inclúe no apartado de categorías a figura do "repartidor", que ata agora non estaba reflexada no convenio.

OS TRABALLADORES DE JEVASO DENUNCIAN UNHAS CONDICIÓN LABORAIS PRECARIAS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de JEVASO concentráronse ás portas da factoría en Arteixo para amosar o seu rexeitamento a unhas condicións laborais totalmente precarias.

FICA denuncia que estas mobilizacións reflicten o malestar duns traballadores ante unha dirección que presume de gran empresa pero que se comporta como un pequeno taller e impón unhas condicións salariais e laborais en xeral moi limitadas.



UGT, CCOO E FEDAVICA ACUSAN AO GOBERNO DE DINAMITAR O FONDO DO AMIANTO

Redacción.- A Federación Estatal de Asociacións de Vítimas do amianto, UGT e CCOO tivemos coñecemento da decisión do Goberno de comunicar á Mesa do Congreso dos Deputados o veto ás emendas presentadas polos grupos parlamentarios de UP, PP, ERC e EH Bildu á Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2023 que propoñían o establecemento dunha exención tributaria para as indemnizacións previstas na recentemente aprobada Lei 21/2022, do 19 de outubro, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto. Devandito veto apóiase no artigo 134.6 da Constitución Española que prevé que “toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación”.

As emendas foron presentadas polos grupos parlamentarios a proposta de FEDAVICA, CCOO e UGT e pretendían evitar que as vítimas do amianto que acepten as indemnizacións previstas na devandita Lei véxanse obrigadas a cotizar no IRPF entre o 45% e o 47%, non só do importe desas indemnizacións, senón do conxunto dos ingresos dese exercicio fiscal, incluídas rendas do traballo ou pensións.

Esta decisión do Goberno, a petición do Ministerio de Facenda dirixido por María Jesús Montero, desvirtúa o obxectivo pretendido coa creación do Fondo de compensación das vítimas do amianto, que non era outro que evitar ás persoas afectadas todos os complexos trámites administrativos e xudiciais para acceder a unha indemnización das empresas responsables da exposición a

este cancerixeno, que se demoran durante anos e que en demasiadas ocasións substánciase cando a vítima xa faleceu.

O Goberno non só converte o Fondo do amianto nun instrumento ineficaz con esta decisión, senón que discrimina ás vítimas do amianto respecto a outros colectivos que si gozan desta exención tributaria como é o caso das vítimas do terrorismo ou do VIH. FEDAVICA, UGT e CCOO consideramos que a decisión do Ministerio de Facenda revictimiza ás persoas afectadas polo amianto e convérteas en vítimas de segunda categoría, máxime cando o Estado español ten unha responsabilidade directa nos danos á súa saúde ao permitir durante décadas o uso e comercialización do amianto a pesar de existir evidencia científica sobre a súa letalidade e de ser advertido diso pola comunidade científica e os sindicatos de clase.

A todo iso únese a paradoxa de que o Fondo do amianto podería continuar litigando contra as empresas responsables das exposicións e dos danos ás vítimas, en virtude da subrogación prevista pola Lei. Neses casos, as indemnizacións que puidese obter o Fondo por vía xudicial estarían exentas de tributación, mentres que as vítimas que perderon a saúde ou a un familiar próximo xa terían que facelo.

FEDAVICA, CCOO e UGT advertimos aos grupos parlamentarios deste feito durante a tramitación da Lei 21/2022 no Congreso dos Deputados e solicitamos a inclusión da exención no articulado da Lei. Nese momento as portavoces do Grupo Parlamentario Socia-

lista no Congreso indicáronnos que era mellor a súa non introdución para facilitar a aprobación da Lei no Congreso e suxeriron que podería incluírse durante o trámite no Senado ou na tramitación da Lei dos PXE. Posteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista no Senado indicounos a imposibilidade de incluílo na Lei, pero comprometéronse a organizar unha reunión conxunta das nosas entidades, cos grupos parlamentarios socialistas e cos Ministerios de Facenda e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para facilitar a exención tributaria das indemnizacións do fondo do amianto. Dita reunión non se produciu en ningún momento e, en cambio, enfrontámonos ao veto do Goberno á súa inclusión na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Desde FEDAVICA, UGT e CCOO vémonos obrigados a manifestar que fomos enganados durante a tramitación da Lei por parte dos portavoces do Grupo Parlamentario Socialista tanto no Congreso como no Senado pero o máis grave é que se traíza o espírito da proposta dun Fondo de compensación das vítimas do amianto que levabamos quince anos reclamando e as expectativas xeradas entre un colectivo maltratado que sufriu uns danos irreparables.

Por todos estes motivos estamos a estudar convocar accións para esixir ao Goberno que rectifique a súa decisión e comprométase publicamente a incorporar as indemnizacións do Fondo do amianto entre as rendas exentas de tributación do IRPF. E, para iso, estamos a estudar a convocatoria de accións para facer visible a discriminación que están a sufrir as vítimas do amianto.

UGT CELEBRA A APROBACIÓN DA LEI QUE RECOÑECE COMO COTIZACIÓN O SERVIZO SOCIAL DA MULLER

Redacción.- O sindicato lembra que foi a primeira organización deste país en reclamar un recoñecemento que se materializa agora, por parte do pleno do Senado, nunha Lei para que as mulleres que se viron obrigadas a cumprir este servizo entre 1937 e 1978 poidan beneficiarse no acceso á pensión de xubilación parcial.

UGT lembra que xa esixiu, alá por 2017, que computase o Servizo Social feminino para a xubilación tal e como se regulou para os homes co Servizo Militar.

En 2020, o Tribunal Supremo xa recoñeceu por primeira vez este dereito ás mulleres e agora recoñécese como Lei. Para UGT, esta medida servirá para reducir a brecha en pensións para a muller, que alcanza máis do 30%, percibindo case 6 mil euros menos que o home ao ano na súa pensión.

Desta forma, UGT valora o recoñecemento do servizo social feminino, que tiña unha duración mínima



de 6 meses e que permitirá sumar tempo a aquelas mulleres que lles falta cotización para acceder á xubilación anticipada ou para percibir máis cantidade na súa pensión.

NA UE AS MULLERES COBRAN POR HORA UN 13% MENOS DE MEDIA QUE OS HOMES

Redacción.- Na Unión Europea (UE) as mulleres cobran de media un 13% menos por hora que os homes, o que equivale a un mes e medio de salario ao ano (47 días de salario). Por este motivo, a Comisión Europea marca o 15 de novembro como un día simbólico para concienciar sobre o feito de que as traballadoras en Europa seguen gañando de media menos que os seus compañeiros masculinos.

Aínda que desde hai máis de 45 anos existe unha lexislación europea sobre a igualdade salarial entre mulleres e homes, a brecha salarial de xénero na Unión Europea segue sendo inaceptablemente elevada.

A necesidade de transparencia salarial

A UE ten o compromiso de adoptar unha Directiva sobre Transparencia Salarial que faculte ás traballadoras para que se reevalúe o valor do seu traballo, agora infravalorado, pero que vai pospoñendo o momento da súa adopción.

Desde o Comité de Mujeres da Confederación Europea de Sindicatos, da que UGT forma parte, vimos participando ao longo dos últimos anos con campañas continuas para presionar á Comisión Eu-



ropea, ao Parlamento Europeo e ao Consello da Unión, para que aprobe esta Directiva, que debe establecer os instrumentos necesarios para coñecer as discriminacións salariais no ámbito laboral.

As empresas de polo menos 50 empregados, tamén incluídas

A Eurocámara, a través das comisións de Dereitos da Muller e Emprego, quere que as empresas da UE, con polo menos 50 empregados, sexan totalmente transparentes en canto aos seus salarios. Para ese efecto, pretende impoñer a estas empresas a obriga de informar sobre as

diferenzas salariais entre homes e mulleres e prohibir o secreto salarial nos contratos de traballo.

A proposta da Comisión dunha Directiva de Transparencia Salarial desenvólvese co fin de reforzar a aplicación do principio de igualdade de retribución por un mesmo traballo ou traballo de igual valor entre homes e mulleres mediante a transparencia salarial e os mecanismos de aplicación.

Desde a UGT consideramos que, sen dúbida, a implantación desta norma comunitaria en todos os estados membros contribuirá a reducir a brecha salarial entre mulleres e homes.

UGT RECLAMA A NECESIDADE DE AUMENTAR OS SALARIOS E REBAIXAR O COSTE DA ENERXÍA

Redacción.- Os datos de IPC do mes de outubro, publicados polo INE, sitúan a taxa anual no 7,3%, confirmando a cifra avanzada polo indicador adiantado, o que constata efectivamente unha positiva retardación do ritmo de crecemento do índice xeral de prezos.

Esta moderación vén motivada polo comportamento do prezo dos produtos enerxéticos que, aínda que seguen rexistrando valores moi elevados, diminuíu considerablemente nos últimos meses por mor de que se puxese en marcha o tope ao prezo do gas. Unha medida que, aínda que podería ter ido máis lonxe, está a dar resultados rebaixando a factura eléctrica e moderando a inflación por baixo da media da Eurozona (estimada nun 10,7% para outubro) e da maioría dos seus membros.

A pesar diso, a inflación subxacente non mostra signos de mellora e séguese mantendo en niveis moi elevados, concretamente no 6,2% este mes. Un sinal de que as tensións inflacionistas acabaron por expandirse ao resto de produtos da cesta da compra, debido á dinámica especulativa das grandes empresas oligopólicas, que aproveitaron a situación para incrementar prezos e acrecentar as súas marxes de beneficio.

Con todo, UGT denuncia que a clase traballadora segue sen mellores salariais substanciais. No que levamos de ano, os salarios de convenio só incrementáronse un 2,6% ata outubro, moi por baixo das cifras rexistradas polo índice xeral de prezos, resultando nunha gran caída do poder de compra das familias que pode ter graves efectos sobre a actividade das empresas, a creación de postos de traballo e o dinamismo da economía española, ademais de elevar os niveis de pobreza laboral e de desigualdade económica.

Máis aínda, se temos en conta que a política económica posta en marcha polo BCE para controlar a inflación tamén apunta nesta dirección, incrementando os tipos de interese para restrinxir aínda máis a demanda e arrefriar en consecuencia a economía. Unha actuación que, para o sindicato, ademais de non atacar á orixe dos altos prezos, afoga aínda máis o orzamento das familias que deben facer fronte ao pago de hipotecas, correndo



o risco de desencadear unha profunda crise tanto a nivel social como económico.

O Goberno débese implicar máis no benestar das persoas

Por iso, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores insiste na necesidade de atender ás verdadeiras causas das presións inflacionistas, profundando na rebaixa do custo da enerxía mediante a introdución de reformas no seu sistema de fixación de prezos, e regulando a actuación das grandes empresas oligopólicas que especulan co prezo de produtos e servizos de primeira necesidade.

Ademais, UGT considera fundamental incrementar de maneira xeneralizada os salarios da poboación traballadora, tanto o SMI como os de convenio, incluíndo cláusulas de revisión salarial que actúen como elemento de protección da súa capacidade adquisitiva. A moderación dos beneficios das empresas e a consecución de aumentos salariais adecuados é unha necesidade do país, sen a cal non poderemos superar as dificultades actuais. Por iso, é necesario que o Goberno se implique máis, propoñendo un acordo global que inclúa medidas nesta dirección que eviten que a patronal seguedo dando as costas aos intereses da

maioría social do país.

Datos de interese

A taxa interanual do IPC alcanzou en outubro o 7,3%, máis dun punto e medio por baixo da rexistrada o mes pasado, sumando xa tres meses consecutivos de descenso na súa taxa interanual. En contraste, a variación mensual do índice xeral é o do 0,3%. Con esta cifra, a inflación media no que vai de ano alcanza xa o 8,8%.

Con todo, a inflación subxacente, que non ten en conta aos produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados e mostra o compoñente máis estrutural da inflación, séguese mantendo no 6,2%; 1,1 puntos por baixo da taxa do IPC xeral.

Así, o INE destaca como causas da moderación da inflación a baixada do prezo da electricidade, que caeu un 15,4%, e en menor medida, o abaratamento do gas en comparación aos valores rexistrados no mesmo mes de 2021. Moi ao contrario, hai que destacar o incremento que se volveu a producir no prezo dos alimentos, que aumentou ata o 15,8%, a taxa máis alta desde o comezo da serie en 1994; concentrándose especialmente nos legumes e hortalizas, a carne, o leite, o queixo ou os ovos, alimentos básicos na cesta da compra de calquera familia.